

Era unha vez unha barca que afundía nas ondas dun mar que se rompía en anacos. Ao lonxe un faro observaba a traxedia coa indiferenza de quen se sabe inmune. Non podía moverse, o papel que lle fora encomendado era observar e alumear na medida do posíbel as acrobacias da noite surfeando un naufraxio.

Hoxe, cos ollos cegados pola néboa, non puido evitar que a destreza do mar se lle adiantase e perforase a escasa luz da alba con tanto afán que ata as rochas se enervaron.

Comezou a sentirse incómodo no papel de observador. O vento bruaba ó redor, movíase cunha forza extraordinaria azoutando as súas costas, como se quixese espertarlle a conciencia. O certo era que aquel enorme corpo de pedra non tiña conciencia. Os humanos non lla puxeran para evitarlle o sufrimento cada vez que o mar e o vento envorcaban algunha barca moi preto da costa, e a súa escasa luz non conseguise rescatala.

Sería o seu destino ser soamente unha cousa, sen outro afán que salvarse a si mesma?

O vento bruaba cada vez máis forte. Por un momento, algo como un pensamento insoportábel de impotencia levouno con el. Foi o preludio dunha tormenta perfecta vestida de negro que nunca ía desaparecer.

A barca acabou por afundir no mar, e o faro foi, pouco a pouco, mergullando na tristura. Nunca volveu ser o mesmo. Non puido esquecer aquel naufraxio.